

## Pleno do comité N° 9 - 9 de xaneiro de 2012

**1.- Actas:** Pendentes de tratar as modificacións que propoñemos dende a CIG para as actas 7 e 8, trataranse na vindeira permanente do Comité.

### **2.- Comisións:**

**Xestión:** Infórmase sobre a CX do 12 de decembro onde se trataron os seguintes temas:

Sobre o CNAI non se aporta nada novo respecto á reunión anterior. Despois de dous concursos de traslados, un ordinario e outro especial, o tema segue sen resolverse e aínda están sen cubrir as prazas que ocupan os tres OTPIs realizando funcións de Técnico, dende a CIG entendemos que hai cada vez máis argumentos para dirixirnos de novo á Inspección de Traballo. O comité acorda facer un escrito á empresa, esta mesma semana, onde se lle comunique que imos solicitar a intervención da Inspección para que se solucione este tema dunha vez.

Solicitóuselle á empresa datos sobre o ERE pero remitiunos á comisión de seguimento do ERE, sen dar mais información.

A empresa informou que se eliminaron as dispoñibilidades para os encargados de Planta Externa. En canto á enquisa de Clima Laboral en Comercial, falouse de que se lles pide aos traballadores no só que a contesten, senón que tamén o fagan nun sentido determinado e que comenten, logo de facela, as respostas.

Tamén informou a empresa da reestruturación dos OTPI de I+M Santiago que, a día de hoxe, xa comunicou por escrito dando como motivo da mesma “unha mellor distribución dos recursos humanos...”. Na CIG entendemos que a empresa debe xustificar debidamente este cambio con verdadeiros motivos, explicando que actividade se deixa de facer e porque, e a qué se van a dedicar a partires de agora. Entendemos que debe ser o comité quen demande esta explicación, acórdase facer un escrito como Comité para solicitar esa información.

Sobre o tema dos OTPI de OdR Santiago, chegou un escrito con modificacións substanciais das condicións de traballo. Tratando de previr problemas futuros, o Comité acorda facer un escrito á empresa recordándolle que as dispoñibilidades nesta provincia son voluntarias.

**Podedes consultar na nosa web os informes dos CPSS e as Comisións de Xestión**

### **3.- Varios:**

**Escritos de entrada:** Quendas, vacacións 2012, modificacións substanciais nas condicións de traballo en OdR Santiago, reestruturación dos OTPI de I+M Santiago e un cambio de acooplamento.

**Fondos Sociais:** Ingresouse o cheque por valor de 5.462,22 € descontada a comisión bancaria de 16,78 €. Ábrese o prazo de presentación de facturas ata a celebración do pleno de marzo. Tamén se abre o prazo para presentar os presupostos do ano 2012 ata a celebración do pleno de setembro.